

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONSORCIO DE BIBLIOTECAS UNIVERSITARIAS DE GALICIA POLA QUE SE DESIGNA Á PERSOA QUE REALIZARÁ O SERVIZO DENOMINADO “AVALIACIÓN RECURSOS INVESTIGACIÓN BUGALICIA” AO ABEIRO DA ORDE DO 10 DE MARZO DE 2010 POLA QUE SE CONVOCAN AS AXUDAS E SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DO EMPREGO A TRAVÉS DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN

ANTECEDENTES

Con data 27 de xullo de 2010 foille concedida ao Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia pola Dirección Xeral de Promoción do Emprego unha subvención para a contratación dun traballador desempregado: Licenciado en Documentación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Na tramitación do procedemento seguíronse as prescricións establecidas pola Orde do 10 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio 2010, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria; e tamén pola Lei 30/1992 de 26 de novembro do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

RESOLVE

Nomear a Dna. Ana Isabel Mateos Vara para a realización do servizo antes citado por un período de 9 meses que si iniciará o 4 de outubro de 2010

Santiago de Compostela, a 1 de outubro de 2010



Victoria Millor
Directora Técnica